



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE MARÍN PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL

1.- Competencia

Esta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 181 do 7 de setembro), en virtude do establecido do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A candidatura da estratexia <<DUSI Marín 2020>>, presentada polo Concello de Marín á primeira convocatoria de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado no ano 2015 no marco do Programa Operativo Plurirexional de España 2014-2020 (POPE), Eixo 12: <<Desenvolvemento urbano integrado e sostible>>, foi aprobada por Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, para cuxa implementación lle foi recoñecida unha axuda FEDER de 4.997.945,60€.

Para o deseño da estratexia DUSI de Marín partiuse dunha análise do territorio, que incluíu as dimensións física, medioambiental, enerxética, económica, demográfica e social de todo o sistema urbano. Sobre a base dos datos obtidos elaborouse unha diagnose de situación do municipio, a partir da que se propuxo unha estratexia, uns obxectivos e un plan de acción integrado por 13 liñas de actuación, das que 7 foron susceptibles de ser cofinanciadas polo FEDER ao 80%. O orzamento total previsto para a implementación destas 7 liñas de actuación foi de 6.247.432€, dos que 4.997.945,60€ son financiados pola Unión Europea a través do FEDER e o 20% restante polo Concello de Marín.





Unha das liñas de actuación anteriormente mencionadas é a liña de actuación 12 <<Construción dun equipamento socio cultural>> que pretende dar resposta a unha necesidade actual do Concello de Marín, que carece dunha infraestrutura deste tipo e que a mesma é demandada pola poboación. Esta liña de actuación contribúe ademais ao obxectivo temático 9 e ao obxectivo específico 9.8.2 do eixo 12 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

O concello de Marín contratou a redacción dun estudio de detalle, a redacción do proxecto de obras e a dirección facultativa da obra así como a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde para a construción do equipamento socio-cultural. O edificio contará con elementos anexos necesarios para o seu correcto funcionamento como vestíbulo, circulacións, aseos e camerinos. Tamén contará cun soto cun pequeno aparcamento que terá acceso ao vestíbulo.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Marín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de 4 anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Marín para a construción do novo equipamento sociocultural, cun orzamento total de execución de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Para deseño da nova infraestrutura de equipamento sociocultural, o concello de Marín desenvolveu un procedemento de contratación onde se licitou e adjudicou cun comité de expertos a contratación correspondente ao estudio de detalle, redacción de proxecto e dirección de obra aos redactores do mesmo.





Preténdese reinterpretar a idea de barrio, dun espazo de relación para a veciñanza no que se pon en valor a calidade da convivencia social nun único marco no que se poderán realizar diferentes usos onde os cruces de circulacións ambiéntanse nun gran vestíbulo a modo de prazas e corredores a modo de rúas.

O edificio contará con elementos anexos necesarios para o seu correcto funcionamento como vestíbulo, circulacións, aseos e camerinos. Tamén contará cun soto cun pequeno aparcamento que terá acceso ao vestíbulo.

O proxecto deseñouse cos seguintes obxectivos:

- Fomentar a reunión e participación de toda a cidadanía e promover a súa integración no tecido urbano e social.
- Mellorar a oferta de equipamentos sociais e culturais no núcleo urbano con déficit deste tipo de dotacións.
- Rexenerar económica, social e medioambientalmente as inmediacións da única zona industrial de Marín, o porto.
- Dinamizar a vida social e cultural do municipio.

A inversión prevista no proxecto de obras é superior da que estaba inicialmente contemplada no momento da elaboración da estratexia Marín DUSI, que era de 2.000.000,00€, dos que, recordemos, 1.600.000,00€ son achega do FEDER e 400.000€ son de financiamento municipal.

O orzamento total de execución da obra ascende, segundo o proxecto, a 4.000.000€ (IVE incluído), polo que o Concello de Marín precisa da colaboración da Xunta de Galicia no financiamento de este equipamento en 2.000.000€.

Constitúen razóns de oportunidade, as manifestacións do concello presentadas en escrito do 5 de maio de 2021, en canto considera necesaria e prioritaria a construción do novo equipamento sociocultural, co obxecto de dispoñer dun equipamento municipal adecuado para a realización de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, mellorando deste xeito a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.


Polo exposto, estímase xustificada a utilización do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Ordenación do
Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela



Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura María Encarnación Rivas Díaz. Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



Xacobeo
Galicia

